

Autor recomendado
Xosé Neira Vilas
(1928-2015)

Xoguete

O neno pobre cabalga
nunha ponla de carballo.

Arre, cabalo rabisco
galopa e rincha voando.

Así vai de beira en beira
suarento, ilusionado.

Ben sabe que é pouca cousa
enredar cunhos follacos.

Na tenda hai xoguetes finos
pero non poden mercarillos.

Por eso anda o neno pobre
sobre dun pobre ramallo.

Cantarolas

"... A cachopa seguía ardendo. Foina ensumindo o lume hastra facerlle unha panda por embaixo. Ruliño ollaba para ela e comparaba aquel feitío co cabalo volandeiro. E como de cote se deitaba cedo, veulle Pedro Chosco e quedouse durmido no seu recuncho, ó pé do lume. Nesa foi cando se botou a soñar.

Soñou que os Reis lle trouxeran un cabalino pequecho. Un cabalino feito, de pau de buxo, que abondaba con poñerlle unha mao no rabo pra que saíse voando coma unha anduriña. Montado nel percorría a aldea vendo as leiras e os tellados das casas dende alá enriba. En veces parecíalle que iba caír e esfachicarse co xoguete milagreiro. Os demais nenos, e tamén a xente grande, ollábano dende as eiras e dende o agro. Arrolábanse os curutos dos piñeiros. Os paxaros e as nubes abríanlle camino..."

O cabalino de buxo

A ÁRBORE DE NADAL

A tradición da árbore de Nadal parece remontarse ao século VIII cando o bispo inglés San Bonifacio predicaba a fe cristiá entre os pobos da Xermania.

Á volta dunha viaxe a Roma para entrevistarse co papa Gregorio, no Nadal do 723, Bonifacio comprobou que estes pobos voltaran aos seus antigos rituais pagáns e estaban a sacrificar a un mozo ao sagrado carballo de Odín para celebrar o solsticio de inverno. O bispo Bonifacio encolerizouse moito e cortou o carballo cun machado.

A lenda conta que un refacho de vento fixo caer a árbore e deixou abraíados aos presentes que sentiron a presenza de Deus e preguntaron a Bonifacio como debían celebrar o Nadal.

O bispo elixiu un abeto que permanecía intacto xunto ao carballo caído como símbolo do amor perenne de Deus. Adornouno con mazás (símbolos das tentacións) e velas (símbolos da luz de Cristo que ilumina o mundo).

Bonifacio pediu a todos que levaran ás súas casas un abeto. Esta árbore simboliza a paz, tamén a inmortalidade por permanecer verde todo o ano, a súa punta sinala o ceo, a morada de Deus.

Simbología da árbore

As plantas de folla perenne foron dende sempre consideradas posuidoras de virtudes máxicas. Os gregos e os romanos decoraban as súas casas con hedras. Os celtas e escandinavos preferían o visgo, loureiro, acivro, piñeiro ou abeto que, pensaban, posuían poderes máxicos e curativos.

Os druídas de centro-Europa adornaban e veneraban unha árbore en datas próximas ao noso Nadal. Esta árbore simbolizaba a Árbore do Universo. No seu cume estaba a morada da divindade, nas súas raíces profundas atopábase o reino dos mortos.


En funcións de teatro medievais na Noiteboa, o 24 de decembro, representábase o episodio do pecado orixinal de Adán e Eva cunha árbore do Paraíso no centro do escenario. Esta árbore tería que ter sido unha maciñeira, pero dada a data da representación, substituíase por un abeto adornado con mazás, doces e regalos para os nenos.

B.A.



Abrapalabra*

Biblioboletín número 10 – Nadal 2015



SUMARIO

Textos

Xosé Neira Vilas, "Xoguete" e "O Cabaliño de Buxo"

A árbore de Nadal

Información

Recomendacións

Lecturas dos clubs de lectura

Novo club: **English Chat**

Clubs de lectura

Lecturas para as próximas reunións

A Boca do Lobo (grupo 1.º e grupo de 2.º ESO)

A. GÓMEZ CERDÑA

Barro de Medellín



C. RUÍZ ZAFÓN

El príncipe de la niebla



Adultos (aberto a toda a comunidade)

MARINA MAYORAL

Unha árbore un adeus

Ed. Galaxia e La Voz120



CARME RIERA

La voz de la sirena

Editorial Lumen



English Chat (aberto a toda a comunidade)




Welcome to EnglishClub where you can have fun and improve your English as you chat.

... chatting and talking about books.

Esos depravados romanos

TERRY DEARY Ed. Molino. **81-DEA-eso**




Gustaríache saber cousas curiosas sobre os antigos romanos? Como por exemplo:

- Que levaban os soldados romanos debaixo das saias?
- Como se divertían os nenos romanos?
- Como se divertían os romanos adultos?

Aprenderás tácticas terribles do depravado exército romano, xogos macabros, receitas noxentas e moreas de datos acripiantes.

Veni, vidi en bici


VALENTINA BLASCO. Alfaguara. **LIJ-BLA-ven**



Leticia trasládase á antiga Roma grazas a unha bicicleta inventada polo seu amigo Luismi que pode facer viaxes no tempo. Leticia ten pensado aprender latín para poder aprobalo en setembro. Na Roma de Nerón vivirá moi de preto toda a problemática da chegada do cristianismo, vivirá unha historia de amor e entenderá mellor a lingua latina.

Carthage


JOYCE CAROL OATES. Alfaguara. **82 LU-OAT-car**



Cressida, a filla de Zeno Mayfield, desapareceu en plena noite, nas montañas de Adirondacks. Cando a comunidade de Carthage se une ao pai na súa frenética busca descubrirá ao sospeitoso máis inesperado: un militar condecorado, veterano da guerra de Iraq e íntimamente relacionado coa familia Mayfield.

Alicia no país das marabillas

LEWIS CARROL, Xerais. **LIX-CAR-ali**



Esta obra universal que celebrou no 2015 o seu 150 aniversario é a historia dun máxico soño. Mentres permanece sentada coa súa irmá no bosque, Alicia levántase e persegue un coello que se lle acaba de aparecer. De repente cae na tobeira no medio dun montón de follas secas. Comenza a camiñar por unha sala subterránea que será o inicio dunha morea de maravilosas aventuras.

El horizonte

PATRICK MODIANO, Anagrama. **82 LU-MOD-hor**

PATRICK MODIANO

El horizonte



O primeiro encontrá entre Jean Bosmans, un aprendiz de escritor, e Margaret Le Coz prodúcese por azar. Anos despois o protagonista da novela pregúntase se as palabras que dúas persoas intercambiaron durante o seu primeiro encontro disipáronse na nada. Bosmans búscase nun pasado que recupera grazas a fragmentos da súa vida á vez que segue os pasos de Margaret Le Coz.

A evolución de Calpurnia Tate

JACQUELINE KELLY



Calpurnia é unha nena que vive nun pequeno pobo de Texas, máis interesada nos libros e no laboratorio do seu avó que nas tarefas que se supoñen propias dunha rapaza. Pouco a pouco, xunto co seu avó descubrirá a Darwin, as especies e subespecies e o parvos que poden volverse os seus irmáns cando se namoran.